



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

1 / 3

Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e  
Vivenda  
Xunta de Galicia

**ASUNTO:** Documento base do plan de conservación ENIL Brañas de Sada

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación de SGHN como presidente da Asociación fai constar as seguintes alegacións ao documento base do plan de conservación ENIL Brañas de Sada:

Páx.	Parágrafo do texto	Alegación
4	Artigo 2: l) O mantemento e a adaptación das poboacións de todas as especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe nun nivel que corresponda en particular ás esixencias ecolóxicas, científicas e culturais, tendo en conta as esixencias económicas e recreativas.	Debería facerse referencia ao resto de fauna e tamén á flora e non só as especies de aves.
8	" ... e o medio evoluciona con escasas perturbacións de orixe antrópico."	Debería dicir: " escasas pero intensas perturbacións ( vertedoiro, recheos, urbanismo)."
11	Citación de especies botánicas	Falta citar o <i>Carex pendula</i> (sabane, xabanas, etc), moi abondoso en algunhas das zonas do ENIL Brañas de Sada.
12	<i>Anas crecca</i> (nidificante )	O <i>Anas crecca</i> non é nidificante, só invernante. O <i>Anas platyrhynchos</i> si é nidificante.
12	Aves sen citar correctamente	Neste punto non se citan á <i>Gallinula chloropus</i> (Galiña de río) nen o <i>Tachibaptus ruficollis</i> (Mergullón pequeno) como especies sedentarias e nidificantes.
11	Especies de libélulas e cabaliños do demo sen citar.	Non mencionan estas especies de Libélulas e Cabaliños do demo: <i>Aeschna cyanea</i> , <i>Anax imperator</i> , <i>Calopteryx virgo</i> , <i>Coenagrion puella</i> , <i>Ceriagrion tenellum</i> , <i>Ischnura graelsii</i> , <i>Lestes virens</i> , <i>Phyrrhosoma nymphula</i> ou <i>Sympetrum foscolumbii</i> (moi abundante no comezo do outono)
13	En canto a morcegos só citan <i>Pipistrellus pipistrellus</i> e <i>Rhinolophus hipposideros</i>	Deberían citar <i>Myotis daubentoni</i> ( <a href="https://www.arcgis.com/apps/View/index.html?appid=a6882ca87c8c4471b217b8fb198a22ef">https://www.arcgis.com/apps/View/index.html?appid=a6882ca87c8c4471b217b8fb198a22ef</a> )
13	En canto ás especies de mamíferos citadas	Falta citar á <i>Genetta genetta</i> presente en toda a zona.



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

http://www.sghn.org e-mail:sghn@sghn.org

2 / 3

Páx.	Parágrafo do texto	Alegación
15	Apartado 4 fala das verteduras de lixo en pasado.	Seguen dándose vertidos de lixo na actualidade, sobre todo no camiño das Lixelas.
20	Artigo 14. Fóra do ámbito do ENIL, na parcela 0302131 NJ6000 S preténdese establecer un centro de interpretación do espazo natural	Nesta parcela xa existen construcións a unha antiga telleira denominada "Dos Brandariz" que debe ser conservada para que o centro de interpretación tamén sexa un museo das telleiras.
28	3.2.- Considéranse actividades suxeitas a autorización por parte do concello de Sada: a.- A tala, poda ou retirada de árbores danadas ou derrubadas.	Estas accións deberíanse limitar ás zonas 2 e 3 do ENIL (zonas de uso público), non á zona de conservación, onde o bosque debe seguir o seu proceso natural,
32	ii) A construción de observatorios e o acceso a pé aos mesmos, en áreas seguras para os visitantes e que non causen unha afección significativa negativa sobre o humidal. Deste xeito prevese a construción de dous observatorios na parcela catastral 15076A02000379 e na 0499116NH6909N.	Na páxina 49 figura o Mapa.- 3. Infraestruturas de uso público dentro do ENIL Brañas de Sada, no que se marcan tres observatorios. O observatorio é totalmente desaconsellable, por afectar a unha área de descanso na invernada da especie <i>Anas crecca</i> . Proponse refacer este mapa eliminando o observatorio 1 e deixando os que aparecen nomeados no mapa como observatorio 2 e observatorio 3.
32	3.3.- Considéranse actividades prohibidas. a) O establecemento de novas edificacións, construcións ou infraestruturas na Zona-1. Así como a recuperación ou restauración das que se atopan abandonadas.	Na zona 1 queda fóra a posibilidade restaurar edificacións abandonadas e, polo tanto, tamén os fornos de botella da Telleira do Tarabelo (da familia Arias de Castro), que rematarán caendo sen posibilidade de actuacións.
33	iii) Viais destinados ao uso público. Os que poidan habilitarse dentro da Zona-3. Inclúese tamén un acceso peonil que partindo do extremo Sur do humidal daba servizo ás antigas Telleiras e aos pozos de escavación contiguos.	Ao non marcarse nin realizarse este observatorio, non ten sentido unha senda peonil dende o extremo sur do ENIL.
40	Artigo 28.- Actividades científicas e de vixilancia.	Tal e como está redactado deixa fóra todas as actividades de ciencia cidadá que puidera desenvolver unha entidade como a SGHN. Semella que limita as cámaras de fototrampeo, detectores de ultrasóns para morcegos, etc
43	Liña 4.- Dotación de equipamentos e infraestruturas vinculadas co uso público.	Débase redactar un apartado que diga: "Recuperación e mantemento das estruturas ligadas á explotación das telleiras, como parte do patrimonio industrial e histórico"
45	Táboa coas achegas orzamentarias	Non parece lóxico investir máis fondos en "Coñecemento" e "Difusión" que en "Restauración ecolóxica" (máis custosa). Proponse dedicar máis 10000 €/ano a restauración ecolóxica.



# Sociedade Galega de Historia Natural

*Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego*

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

3 / 3

Páx.	Parágrafo do texto	Alegación
En Xeral		<p>En todo o texto non se fala nada de voluntariado ambiental (coas debidas autorizacións).</p> <p>Semella que se desbota a idea de diminuír a presenza de contaminantes nas augas, aumentar a cantidade de osíxeno disoluto nas augas das lagoas (que favorecería a colonización por especies piscícolas), etc</p> <p>Tampouco se menciona a eliminación de lixo onde sexa factible, empezando polas lagoas (botellas, plásticos, entullos, etc).</p> <p>Non se pode renunciar a actuar para restaurar ambientalmente as Brañas de Sada, especialmente nos primeiros anos, para logo deixar evolucionar o espazo coa mínima intervención humana.</p>

En Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2024

O Presidente da SGHN,  
Serafín González Prieto